



**A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA FAI PÚBLICAS AS ALEGACIÓNS QUE FIXO EN TEMPO E FORMA Á SOLICITUDE DE LICENZA DUNHA ANTENA BASE DE TELEFONÍA DE VODAFONE NA PARROQUIA DE CEA EN VILAGARCÍA:**

- **Por vulneración do cumprimento municipal do artigo 42.3 DA LEI XERAL DE SANIDADE (RCL 1986, 1316),** que da competencias en materia de saúde ao concello de Vilagarcía para aplicar o principio de precaución, ante resolucións coma a do **Parlamento Europeo (4.09.2008)** que, seguindo os consellos da Axencia Europea de Medio Ambiente e a do informe científico Bio-iniciativa, constata **que os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público están obsoletos (incluídos os vixentes no estado español) e hai que cambialos porque non protexen adecuadamente á poboación e especialmente aos grupos de risco** (mulleres embarazadas, recentemente nados, nenos).

- Por vulneración das DETERMINACIÓNS DA LEI 9/2002, DE 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA, xa que este solo onde preténdese emprazar esta **actividade industrial** de telefonía é de “núcleo rural de 1 grado”, chocando frontalmente coa prohibición **de calquera utilización que implique transformación do seu destino ou natureza ou lesione o valor específico que se queira protexer.**

- Por Vulneracións DOS DEREITOS CONSTITUCIONAIS (dereitos á vida e á integridade física e moral, de intimidade persoal e familiar, de protección integral dos fillos e as nais, de gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa), recollidos no Auto de Casación do recurso 2827/2001 da Sala Civil do Tribunal Supremo, (Madrid, 28/sept/2005

- Pola DEPRECIACIÓN DAS VIVENDAS LINDEIRAS, ante o sentimento de inquietude que leva consigo este tipo de instalacións.

A APDR, apoia as alegacións das persoas afectadas, solicitando:

- O rexeitamento da concesión da licenza municipal
- Que se abra no concello un canle de participación social nunha Comisión de Seguimento cos axentes implicados (colectivos de persoas afectadas, veciñais, ecoloxistas, ...) para facer un **REGULAMENTO DO ESPAZO RADIOELECTRICO EN BASE AO PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN**, establecendo un mapa global de todas as antenas en espazos, fóra das zonas residenciais, onde a distancia de seguridade á exposición deste tipo de campos rebáixese aos niveis biolóxicos mínimos tolerables e non afecten a poboación; compatibilizando deste xeito as novas tecnoloxías e a saúde.
- Entrevista dos responsábeis das Concellarías implicadas no consistorio de Vilagarcía, cos axentes sociais implicados.

Pontevedra a 20 de febreiro de 2009

Asinado: Julio Carmona Barros vogal da xunta directiva da APDR